



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Universitaria de Traballo Social

Curso Académico: 2021/2022

Aprobada en Comisión de Calidade de Centro o 30 de mayo de 2023
Aprobada en Xunta de Centro o 13 de xullo de 2023

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	3
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	3
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	5
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	8
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	12
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	14
Directriz 6. Información pública	16
3. Plan de Melloras do centro	17
4. Modificacións Título Grao en Traballo Social	29
5. Listaxe de evidencias e indicadores	30

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social, que se presenta neste documento, correspóndese co peche do ciclo de calidade anual do centro. Analízase o funcionamento do Grao en Traballo Social e do Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro (SGIC).

A Escola Universitaria de Traballo Social ten a condición de centro adscrito á USC desde 1983, e imparte o Grao en Traballo Social desde o curso 2010-2011. A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais* é a Entidade que ostenta a personalidade xurídica deste centro desde o ano 1999. Esta Fundación está declarada de interese galego e de interese docente pola Xunta de Galicia.

Os órganos colexiados do centro vinculados ao desenvolvemento do SGIC son a Comisión de Calidade do Centro (CCC) e a Comisión de Título (CT).

A estrutura da Comisión de Calidade do centro é a seguinte:

- Directora do centro
- Responsable de Calidade
- Coordinadora de Título
- Representante do persoal administrativo
- Alumno/a tititor/a
- Dous representantes do profesorado

Forman parte da Comisión de Título:

- Directora do centro
- Responsable de Calidade
- Coordinadora de Título
- Representante do persoal administrativo
- Representante alumnado
- Catro representantes do profesorado (coordinadora de practicum e tres coordinadores de curso)

A Comisión de Título analizou a información para realizar o seguimento do título, e do seu resultado derivan as propostas de mellora que elevou á Comisión de Calidade do Centro. Esta última elabora a Memoria de Calidade, avalía as propostas de mellora en marcha e deseña as novas propostas que se consideran procedentes. O documento provisorio da memoria de Calidade terá a condición de definitivo tras a súa aprobación pola Xunta de centro

A documentación de referencia para a elaboración da Memoria foi a seguinte:

- Manual do SGIC
- Memoria do título de grao
- Plan estratéxico do centro
- Informe para a renovación da acreditación do título (2022)
- Informe final para a renovación da acreditación do título (2022)
- Informe de seguimento do Grao en Traballo Social (2021-2022)
- Informe de coordinación do Título (2021-2022)
- Memorias de actividades da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais*
- Actas de Comisión de Calidade e Comisión Académica

O Curso 2021-2022 en relación aos procesos de calidade estivo marcado pola elaboración do Informe para a renovación da acreditación do grao, a visita da comisión avaliadora e polo resultado obtido que se plasma no Informe final para a renovación da acreditación.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A actividade da Comisión de Calidade da EUTS no curso 2021-2022 estivo marcada por un lado, polo seu cometido anual e ordinario en canto a elaborar a Memoria de calidade do curso anterior, principalmente estivo marcada polo desenvolvemento das competencias que lle son propias vinculadas á elaboración e aprobación do Informe de renovación e acreditación do título no ano 2022, así como establecer as accións de mellora que se consideraron necesarias e derivadas do Informe provisorio de avaliación para a renovación da acreditación.

Na reunión da CCC de 18 de marzo de 2022 informouse favorablemente o Informe para a renovación da acreditación remitido pola Comisión de Título, e posteriormente, o 13 de maio, aprobouse a Memoria de calidade do curso 2020-2021.

En canto á política de calidade do centro cabe sinalar que se establecera na Memoria 2021-2022 proceder á avaliación do Plan Estratéxico do centro, e derivado disto deseñar a nova planificación estratéxica ao longo do curso 2022-2023, e igualmente elaborar o Manual simplificado do SGIC do centro e Manual de procesos do centro de cara a súa certificación. Estes procesos están en marcha e teñen que concluírse ao rematar o presente ano académico.

A avaliación que se foi facendo do Plan Estratéxico nos distintos Informes de seguimento e no Informe de renovación da acreditación 2022, e a valoración obtida deste último, permiten sinalar que o cumprimento dos seus obxectivos e moi alta e, das accións que non foi posible realizar, propónse a súa continuidade no presente curso.

Dentro das accións de mellora a desenvolver no presente curso, tiñase contemplado levar a término a particularización do SGIC do centro, con data límite decembro de 2022. A elaboración do propio Informe para a renovación da acreditación, e a redacción das consideracións ao Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación, recibido o 20 de setembro de 2022, supuxo unha demora neste aspecto ao adicar os esforzos á preparación da documentación vinculada ao proceso de acreditación.

O 18 de novembro de 2022 recibíuse o informe definitivo da avaliación da acreditación, obténdose un nivel B en todos os criterios, e dicir os estándares lógranse completamente. No informe, sinaláanse como puntos fortes:

-A demanda sostívose no tempo e cóbrense practicamente todas as prazas ofertadas. Estímanse positivos todos os esforzos realizados por facer máis visible a titulación e captar estudantes.

- Demóstrase un compromiso coa mellora da calidade que se manifesta a través dun autoinforme ben elaborado e da atención prestada ás recomendacións recibidas en anteriores informes externos.

- Realízanse enquisas propias de inserción laboral que permiten xerar información actualizada respecto diso.

- De acordo á información subministrada, a inserción laboral dos egresados estímase comparativamente elevada tanto na rama de coñecemento como na disciplina concreta.

- Valórase positivamente a proximidade que mostra o profesorado co estudiantado, o que facilita moitas das tarefas académicas e a resolución de problemas.

- Implicación e compromiso coa xestión das prácticas externas, que foron moi ben valoradas por estudantes e egresados.

Elaboráronse consideracións ao informe provisorio de avaliación e completouse o deseño das accións de mellora.

A Comisión de Calidade do centro detectou puntos débiles en catro dos sete criterios a considerar, elaborando as correspondentes accións de mellora

:

-Criterio 3, Sistema de garantía de Calidade: Punto débil detectado: Avanzar no SGIC do centro ata a súa certificación Proposta: Concluir a elaboración do Manual simplificado do SGIC e Manual de procesos do centro para a súa certificación. Data remate: 31 de xullo de 2023.

-Criterio 7 Indicadores de satisfacción e rendemento: Punto débil: A media de taxa de abandono no IRA2022 tense incrementado ao respecto do IRA2016 polo que se considera procedente determinar as causas que levan a ese resultado.

Proposta: A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado.

Data remate: 31 de xullo de 2023 Punto débil : Descenso da taxa de gradación e eficiencia no IRA2022 ao respecto do IRA 2016 Proposta: A media da taxa de gradación no IRA 2022 descendeu ao respecto do IRA 2016 polo que se considera procedente identificar as causas que levan a este resultado. Así como facer un seguimento da evolución da taxa de eficiencia. Data remate: 31 de xullo de 2023.

-Criterio 4 Recursos humanos: Punto débil: O profesorado e persoal de administración e servizos da EITS non pode participar en igualdade de oportunidades nas actividades formativas que desenvolve a USC. As xestións realizadas víronse interrompidas pola pandemia. Proposta: Propoñer novamente o recoñecemento expreso por parte da USC do dereito de acceso do profesorado e persoal da EUTS aos programas de formación en iguais condicións que o resto de persoal da institución. Data remate: 31 de maio de 2023

Punto débil: A ratio alumnado/profesorado a tempo completo non alcanza os valores da normativa que entrou en vigor en setembro de 2021 e que fixaba un período de cinco anos para adaptarse. Proposta: Proponse un incremento gradual do profesorado a tempo completo comezando polo curso 2022- 2023. Data de remate: 1 de febreiro de 2026.

-Criterio 1 Organización e desenvolvemento: Punto débil: Reducida participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional. Proposta: Coñecer as causas da reducida participación do estudiantado nos programas de mobilidade internacional, a través dunha enquisa dirixida ao alumnado de 4º curso. Data de remate 30 de xuño de 2023.

A maioría das accións de mellora son a executar no curso 2022-2023 ou a partires deste polo que están abertas no momento de elaborar o Autoinforme de seguimento correspondente ao curso 2021-2022.

Toda a análise e elaboración anterior fixo que se demorase esta acción e se emprazase ao presente ano, estando pendente reunirse coa Area de Calidade da USC para orientar e aclarar cuestións de cara a abordar a conclusión das tarefas.

Unha das recomendacións que realizou a Comisión Avaliadora foi que se modifique a Memoria do título para actualizar o número de prazas ofertadas que contempla (90) de xeito que coincida co realmente ofertado (80). Isto abordárase coa declaración de intencións para realizalo cando se publique a convocatoria no curso 2023-2024.

Si ben o SGIC está pendente de rematar a súa actualización, a Comisión avaliadora para a renovación da acreditación sinalou no seu Informe final que o SGC do centro permite xerar indicadores sobre o funcionamento da titulación. Destacaron

que o centro realiza unha memoria de calidade que permite constatar que ditos indicadores son analizados, que se identifican as principais debilidades e que se plantexan accións de mellora enfocadas a eliminalas. Ademais sinalaron que no informe faise un seguimento das accións de mellora contempladas nos informes previos, polo que constataron que o título está sometido a un proceso de mellora continua que funciona de forma independente aos procesos de avaliación externa. Observaron que as actas das reunións periódicas que realiza a CCC do centro, permiten evidenciar o papel do liderazgo que esta xoga no proceso de mellora continua.

As principais dúbidas á Comisión avaliadora xúrdenlle sobre a capacidade do sistema para xerar indicadores fiables que alimenten a avaliación. En particular indican que as taxas de participación dos estudantes nas enquisas de valoración da titulación que son especialmente baixas (por debaixo do 5%), o que non garante a fiabilidade dos resultados, fronte a un bo nivel de participación aceptable na avaliación da actividade docente (43,56%) no curso 2020/2021, na participación do profesorado sempre por encima do 60%.

Destacaron que o título dispón de enquisas de valoración propias vinculadas ao Practicum e TFG, e que se puxera en marcha unha acción de mellora para incrementar a participación e obter valores máis representativos. Recomendaron seguir traballando para incrementar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción coa titulación por parte do alumnado.

Na acción de mellora AM-1 contéplase concluír a elaboración do Manual simplificado del SGIC e Manual de procesos do centro para a súa certificación.

Valórase que os procedementos establecidos na titulación e no centro son adecuados para recoller información que, unha vez analizada, permite elaborar os distintos informes nos que se realizan valoracións que permiten a toma de decisións que redunden na mellora do título. Si se ten en conta os resultados do Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación 2022, no que se acadou o Nivel B en todos os criterios, a información foi suficiente para elaborar o IRA2022 e aportar as evidencias correspondentes. Mostra que os mecanismos de recollida de información e coordinación son suficientes.

Os documentos utilizados para realizar a análise dentro dos mecanismos establecidos polo SGIC son, entre outros, as actas dos distintos órganos colexiados como a Comisión de Título, a Comisión Delegada de Xunta de Centro, a Xunta de Centro e as propias da Comisión de Calidade do Centro, así como as reunións que convoca a Coordinadora de Título cos Coordinadores de Curso, e que están reflexadas no Informe de Coordinación que se elabora para cada curso, e os informes que elaboran tanto a Coordinadora de Practicum como a Coordinadora de TFG. As reunións ad hoc que se celebran para asignar destinos dentro dos Programas de Mobilidade tamén se recollen en dito Informe.

A Memoria Anual de Actividades da Fundación da que depende o centro, aporta tamén moita información, unido a todos os informes remitidos desde a Área de calidade da USC. Nos períodos nos que se levan a cabo as enquisas de satisfacción dirixidas aos distintos grupos de interese, actívase o Protocolo de cara a fomentar e facilitar a participación.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

- o cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
- o cumprimento de guías docentes;
- o procedementos de coordinación,
- o análise do perfil real de ingreso/egreso,
- o análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
- o Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

Si se teñen en conta os resultados do Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación 2022, no que se acadou o Nivel B en todos os criterios, a información foi suficiente para elaborar o IRA2022 e aportar as evidencias correspondentes. Mostra que os mecanismos de recollida de información e coordinación son suficientes.

Valórase que os procedementos establecidos na titulación e no centro son adecuados para recoller información que, unha vez analizada, permite elaborar os distintos documentos nos que se realizan valoracións que permiten a toma de decisións que redunden na mellora do título.

A Memoria Anual de actividade da Fundación da que depende o centro, aporta tamén moita información, unido a todos os Informes remitidos desde a Área de calidade da USC.

O órgano colexiado que máis reunións celebra, con diferenza, é a Comisión de Título, con 16 reunións no curso 2021-2022. O seu seno é un espazo que permite a coordinación e abordar cuestións académicas. Entre os seus integrantes está a Coordinadora de Título e a maioría de coordinadores de curso, e responsables de mobilidade.

As reunións convocadas pola Coordinadora de Título cos Coordinadores de Curso, están reflexadas no Informe de Coordinación do curso no que se inclúen tamén os resultados dos informes que elaboran tanto a Coordinadora de Practicum como a Coordinadora de TFG. As reunións ad hoc que se celebran para asignar destinos dentro dos Programas de Mobilidade, que tamén se recollen en dito Informe, son espazos que permiten o intercambio de pareceres e a coordinación. Tal como figura no Informe de coordinación do curso 2021/2022 os programas académicos axústanse á Memoria de verificación do título (2017), tendo como mínimo os contidos obrigatorios sinalados pola normativa.

Valorouse, nas reunións de coordinación e na Comisións de título, o interese do alumnado pola materia *Traballo Social no ámbito da Educación*, sumado ao interese por parte do colectivo profesional, proponendo a activación desta materia optativa. Pola contra, vendo a escasa ou case nula matrícula da materia *A investigación cualitativa en Traballo Social* non se ofertou.

Nas reunións de coordinación das titoras e titores TFG veuse a necesidade de reformar o Regulamento propio do TFG. No curso 2020-2021, a USC estableceu a posibilidade de defensa dos TFG ante titor ou tribunal, incluso nos Centros que non o tiñan contemplado no seu Regulamento como é o caso deste título. En base a esta experiencia fíxose unha proposta para modificar o Regulamento do TFG no centro, e contemplar a posibilidade de defensa ante titor/a, (cunha nota máxima de 8,5), ademais de ante tribunal: así como ampliar as modalidades dos Traballos de Fin de Grao como "proxectos de investigación" e "proxectos de intervención". A proposta foi aprobada na reunión da Comisión de Título de 14 de outubro de 2021, e posteriormente foi aprobada a modificación do Regulamento do TFG na Xunta de Centro de 27 de xaneiro de 2022 do que se dou traslado á Unidade de Xestión Académica da USC.

Non se presentaron, no curso 2021-2022, reclamacións, e en canto ás suxestións a Dirección do centro reuniuse con representante de alumnado e asociacións de alumnado sempre que así llo solicitaron.

A taxa de idoneidade na graduación é a porcentaxe de estudantes que remataron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos. Foi de 69,01 no ano 2021/2022, e a media do período analizado no IRA 2022 foi do 63,19%. Unha media que se superou satisfactoriamente todos os anos, agás naqueles nos que tivo incidencia directa as restricións vinculadas á pandemia. A importancia deste indicador ven dada porque sinala o grao de eficiencia do alumnado e da institución en relación coa súa actividade académica, que se pode cualificar de destacable.

En ningún dos últimos seis cursos a taxa de rendemento, que indica a porcentaxe de créditos superados polo estudante ao longo da titulación na que se graduou e o número total de créditos cursados, estivo por debaixo do 93%, sendo a do curso 2021/2022 de 96,82%, o que tamén axuda a explicar a existencia dunha boa relación entre o número de cursos a realizar para obter o título de grao e os anos necesarios para obtelo. O valor é superior ao obxectivo marcado na MVT 2022 que foi de 87,86%.

A taxa de éxito superou o 90% en todos e cada un dos cursos anteriores ao 2021/2022. De feito, a tendencia foi aumentando ao longo dos últimos cursos, se ben é certo que no curso analizado produciuse unha lixeira baixa con respecto ao curso anterior, sendo de 93,11 % (3,5 puntos menos) o que supón que se superaron 9 dos 10 créditos ordinarios nos que se matriculou o alumnado. Polo tanto, a avaliación deste indicador só pode ser altamente positivo, e moi similar ao que se pretendía superar fixado na MVT 17 (93,05%).

Desde 2016-2017 ata o ano pasado, a taxa media de éxito dos titulados foi do 94,96%. Este índice relaciona o número total de créditos que o estudante superou ao longo da titulación na que se graduou e o número total de créditos nos que se matriculou, sendo no curso 2021/2022 de 97,36% moi preto do valor marcado como referente na MVT 17, 97,87%.

No Informe final para a renovación da acreditación sinálase, en canto aos resultados da aprendizaxe, que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos, e que á vista dos bos resultados de rendemento pódese presumir un bo grao de eficacia do alumnado e do centro.

En relación á actividade académica, os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES da titulación. Devanditos resultados de aprendizaxe tivéronse en conta para a revisión e mellora do plan de estudos, por exemplo, modificando a oferta de optatividade, substituindo as materias optativas de menor demanda por outras.

Os indicadores externos sobre resultados de aprendizaxe, tanto na información proporcionada polos titores de prácticas como polos indicadores de inserción laboral dispoñibles, revelan unha boa aceptación dos egresados pola contorna socioeconómica de cara a súa inserción laboral.

No que respecta a indicadores internos, sinálase en dito Informe que aprécianse diferenzas nas cualificacións obtidas polos distintos estudantes, o que reflicte unha discriminación clara do nivel de competencias adquirido polos mesmos á vez que un nivel de esixencia razoable. A taxa de rendemento media estivo por encima do 80% nos últimos cursos, superando o 90% nos dous últimos. Por tanto, os resultados de aprendizaxe alcánzanse tamén desde esta perspectiva.

A Comisión avaliadora no seu Informe recomenda perseverar na análise das causas do elevado abandono e priorizar as accións de mellora emprendidas respecto diso. Tamén que se debe analizar a taxa de gradación que, aínda que se mantivo elevada, caeu por baixo dos valores esperados no último curso. En base a isto deseñáronse as seguintes accións de mellora:

AM-2: A comisión do título solicitará información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado, a rematar en xullo de 2023.

AM-3: Facer un seguimento da evolución da taxa de gradación, a avaliála ao final do presente curso.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitir-lles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso que se está a analizar, 2021-2022, a normativa que cobre o ciclo de vida do alumnado na universidade, se desenvolveu con total normalidade, aplicándose as distintas normativas segundo o establecido. Realizáronse axustes para dar cumprimento á normativa da USC como no caso da Instrución 2/2021 da Secretaría Xeral, pola que se establecen medidas para o uso seguro de medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2021-2022.

O Practicum e o TFG, evolucionaron con regularidade conforme ao regulamento establecido pola USC e seguindo as especificacións propias fixadas por este centro. Na Xunta de Centro de 14 de outubro de 2021, se aproban as modificacións e se actualiza o regulamento propio do TFG, dado que no curso 2020-2021, debido ao confinamento e a docencia en liña, por parte da USC reguláronse cambios que afectaron ao desenvolvemento do Traballo de Fin de Grao.

Doutra parte, a EUTS, para adaptarse á Resolución Reitoral 4/2021 sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, (publicada o 7 de maio de 2021), constitúe a Comisión de Avaliación previa de Traballos Académicos da Escola Universitaria de Traballo Social.

Os traballos de Fin de Grao que van requirir de informe favorable do Comité de Bioética da USC para poder ser levados a cabo, pasan con antelación pola Comisión de Avaliación previa de Traballos Académicos propia do centro, que realiza unha análise e revisión sobre o procedemento a seguir e o cumprimento dos requisitos que son esixidos, elaborando un informe previo á emisión do informe definitivo do Comité de Bioética da USC. Ademais, a EUTS deseñou os modelos de documentos a presentar coa solicitude, que se puxeron a disposición do alumnado en formato editable na web do centro.

A páxina web da EUTS, actualiza de forma sistemática toda a información relativa á normativa da USC e deste centro, así como a información relativa aos estudos do Grao en Traballo Social. Toda a información pública da web propia é aberta a todos os usuarios da mesma, agás a incluída en dous apartados específicos aos que é preciso o acceso a través de chave, que son o Taboleiro Virtual (cuxo acceso é restrinxido as persoas da comunidade educativa de cada curso académico), e o

Portal do Estudante (con acceso restrinxido por cada materia, ao alumnado matriculado en cada unha delas por curso académico).

Os criterios de admisión na EUTS son os establecidos na normativa vixente da USC. O número de prazas para estudantes de novo ingreso na titulación de Traballo social mantense en 80 para o Grao, e 5 prazas para o Curso de Adaptación.

Para o curso que se está a analizar, 2021-2022, mantívose o número de prazas ofertadas de novo ingreso, que se cubriron de forma sistemática formalizándose 84 matriculas, o que supuxo un incremento de dous alumnos/as respecto ao curso académico anterior. O número de matriculacións de todo o Grao, acada as 329 matriculas, o que significa un incremento de 18 matriculas desde o curso anterior.

Para a captación do alumnado se desenvolveron diversas accións:

- Respecto ao Programa A Ponte, se levaron a cabo Encontros na USC e Encontros Virtuais.
- En relación á difusión propia deste centro, se participou en diversas Feiras Universitarias, se colaborou e participou en charlas solicitadas por centros de ensino medio en distintos concellos de Galicia, se fixeron visitas guiadas ao centro, e se fixeron contactos con centros de ensino medio aos que se lles enviou información sobre o título de Grao en Traballo Social.
- Ademais, o centro dispón de folletos divulgativos e de información na web propia do Centro.

Pódese dicir, que se considera adecuado e suficiente o proceso de captación do alumnado o que se pode evidenciar porque se están cubrindo na súa totalidade as prazas que son ofertadas.

A EUTS, no relativo aos complementos de formación ao alumnado, ven ofertando como en anos anteriores, o Curso Cero (formación para a presentación de traballos académicos), unha xornada de Protección de Datos de Carácter Persoal e Propiedade Intelectual, e unha sesión de formación sobre o Programa SIUSS de xestión en Servizos Sociais Comunitarios. No curso 2021-2022, ofertáronse 5 prazas para o Curso Ponte de Adaptación ao Grao para Diplomados en Traballo Social, matriculándose dúas alumna de novo ingreso.

A orientación académica, comeza desde o primeiro día lectivo do curso, no que se desenvolve o Programa de acollida e apoio ao alumnado, no que, ao tempo que se lle da a benvida ao alumnado de novo ingreso, se lles aporta información sobre diversos aspectos relacionados coa universidade e a propia EUTS.

Respecto á información e orientación académica, tamén se lle proporciona ao alumnado a Guía Académica da titulación, folletos informativos sobre a titulación, e o persoal de secretaría, administración e persoal docente da EUTS, tamén lles facilita información sobre cuestións que atinxen a súa competencia.

O Programa A Ponte da USC, inclúe o Programa de Titores, que no curso 2021-2022 incorporou dúas alumnas que previamente recibiron formación específica da USC, coa finalidade de levar a cabo tarefas de orientación ao alumnado do centro.

Respecto aos programas de mobilidade, se fixeron esforzos por incrementar o número de convenios, sobre todo en lingua inglesa, pero á participación do alumnado nestes programas segue a ser baixa.

No curso 2021-2022, se admitiron 10 solicitudes para o Programa SICUE, pero só asinan acordo 4 alumnas. Respecto ao curso anterior, aumenta o número de persoas participantes neste programa, dado que no curso anterior 2020-2021 se admitiron 4 solicitudes, non obstante, as 4 persoas que as solicitaron renunciaron ao programa pola situación creada pola pandemia da COVID 19.

No curso 2021-2022, os destinos do alumnado do programa SICUE foron 3 Universidades, 2 persoas e durante todo o curso tiveron como destino a Universidade de Illas Baleares, 1 persoa e soamente para o primeiro cuadrimestre a Universidade Complutense de Madrid, e a outra persoa tivo coma destino durante todo o curso a Universidades Pablo de Olavide de Sevilla.

A EUTS de Santiago, tamén recibe alumnado deste programa, e no curso 2021-2022 se acollen dous alumnos procedentes da Universidade Pablo Olavide de Sevilla con estancia durante todo o curso neste centro.

En relación ao programa ERASMUS, no curso 2021-2022 solicita o programa 1 persoa máis que no curso anterior. Presentáronse tres solicitudes no curso académico obxecto de análise, e as tres foron admitidas. Non se lle asignou destino a unha alumna das admitidas, por non ter solicitado destino, e ás outras dúas persoas se lles asigna os destinos da Universidade de Coimbra durante todo o curso académico, e a outra persoa na Hochschule de Neubrandenburg soamente no primeiro semestre. Este centro non recibiu alumnado deste programa durante o curso 2021-2022 para cursar estudos no mesmo.

Respecto aos Convenios bilaterais no curso 2021-2022, son admitidas pola USC tres solicitudes e se lles asignan os seguintes destinos: a unha persoa a Universidade da República Uruguay (UDELAR), e ás outras dúas persoas a Universidade Nacional de Costa Rica. Os/as tres alumnos/as renuncia á estancia nestas universidades.

A nota media do alumnado que accede a realizar estudos neste centro vaise incrementando en cada curso académico, acadando no curso 2021-2022 o valor de 8.36, sinalar que é o valor máis alto obtido para os estudos desta titulación.

Cabe salientar que con data 20 de setembro de 2022, recibíuse o informe provisional da ACSUG respecto á renovación do Grao en Traballo Social, alcanzándose un nivel B en todos os criterios, e dicir o estándar correspondente a cada un dos criterios lógrase completamente.

O perfil académico do profesorado é adecuado á titulación que se imparte, un 50,0% posúe unha dobre titulación, é dicir, son titulados en Traballo Social con outra titulación engadida, e ademais, destacar que a traxectoria do persoal docente é ampla xa que o 58,3% supera os 15 anos.

A taxa de eficiencia ou rendemento dos titulados, en ningún dos últimos seis cursos estivo por debaixo do 93%, e no curso obxecto de análise, o valor é do 96.82% o que tamén axuda a explicar a existencia dunha boa relación entre o número de cursos a realizar para obter o título de grao e os anos necesarios para obtelo.

A taxa de graduación para o curso académico 2021-2022 é do 73,49%, o que pon de manifesto que un amplo sector do alumnado matriculado no centro fixo un correcto uso dos seus estudos, realizándoos de forma oportuna. O estudantado da EUTS, tarda algo máis de 4 anos en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos, o que demostra a eficiencia do estudantado e o centro en relación á actividade académica. No curso 2021-2022 o tempo invertido en rematar os estudos é de 4,25 anos.

A porcentaxe de estudantes que remataron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos (taxa de idoneidade na graduación), é do 69,01 no curso académico 2021-2022, o que nos está a sinalar o grao de eficiencia do alumnado e da institución en relación coa súa actividade académica, que se pode cualificar de destacable.

A EUTS ten un amplo número de convenios asinados para a realización das prácticas externas, incorporando curso a curso novos servizos e ámbitos diversos acordos ás novas demandas de intervención. No curso 2021-2022, asináronse 41 convenios (17 con entidades da Provincia de A Coruña, 2 na Provincia de Lugo, 1 na Provincia de Ourense, 10 na Provincia de Pontevedra e 11 son convenios de carácter autonómico). Destes convenios, 18 foron asinados por primeira vez, 23 son prórrogas ou renovacións de convenios que estaban asinados con anterioridade, e 56 foron os concellos que se adheriron ao convenio a través da FEGAMP..

Todas as persoas que son titoras/es académicas/os de prácticas externas posúen, ademais doutra titulación, a titulación en Traballo Social, sendo este último un requisito do centro. A satisfacción da persoa titora académica coa docencia acadada unha media de 4,55 no curso 2021-2022.

No curso 2021-2022 realizaron as prácticas 75 alumnos/as, 6 no primeiro cuatrimestre e 69 no segundo. Se ofertaron en total 158 centros de prácticas, o que representa unha media de 2.1 centros por alumno/a.

Cabe destacar, a satisfacción do estudantado, titores/as externos/as e titores/as académicos/as coas prácticas externas, como queda recollido no Autoinforme de Seguemento 2021-2022, con valores superiores a 4 sobre 5.

Respecto á materia de Traballo de Fin de Grao, se aproba en Xunta de Centro, as modificacións do regulamento do TFG, que se fan efectivas no curso 2021-2022, afectando a ampliación das posibilidades de defensa do traballo, podendo o alumnado defender o TFG ante o/a titor/a, ou ante o tribunal.

No TFG matriculáronse 86 persoas, e defenderon o seu traballo 75, das cales nove o fixeron na Convocatoria de febreiro, 52 na convocatoria de xuño-xullo e 14 persoas o fixeron na convocatoria de setembro. Respecto ás defensas do curso

2021-2022, 12 persoas non reuniron condicións para a defensa do seu TFG ou ben non se presentaron para a obtención do informe favorable do titor ou da titora. Soamente 14 persoas defenderon o TFG ante tribunal mentres que o alumnado restante o fixo ante o titor ou a titora. A maior parte do alumnado, algo máis do 50%, obtivo unha cualificación de notable.

No curso 2021-2022, a media do valor porcentual da taxa de rendemento é de 89,47, e cabe salientar que o valor desta taxa vai aumentando desde 1º curso do grao ata 4º, adquirindo neste último curso do grao o valor máis alto (95,59).

Se se analiza o valor desta taxa de rendemento, tendo en conta os distintos tipos de materias (formación básica, obrigatorias e optativas), a taxa de rendemento adquire o valor máis altos nas materias optativas (que se imparten en 3º y 4º curso do grao) e o máis baixo nas materias de formación básica (que se concentran practicamente en 1º curso).

O valor porcentual medio da taxa de avaliación é de 96,09 no curso académico 2021-2022. Ao igual que acontece coas taxas de rendemento, a taxa de avaliación tamén acadada os valores máis baixos en 1º e 2º curso do grao e en 3º e 4º curso do grao as taxas son as máis altas, acadando o valor de 97,90 en 3º curso. Os valores máis baixos desta taxa recaen nas materias de formación básica e os máis altos nas materias optativas (94,41 e 98,11 respectivamente).

A taxa media de éxito foi no curso 2021-2022, de 93,11%, o que supón que o alumnado superou 9 dos 10 créditos ordinarios nos que estaba matriculado. Ao igual que acontece coas taxas anteriores, esta taxa de éxito é máis elevada no 4º curso do grao (98,56) e máis baixa no 1º curso (88,67). O valor desta taxa, tamén segue a mesma liña que para as taxas anteriores xa que as materias de formación básica acadan o valor máis baixo (89,54), e as materias optativas o valor máis alto (96,16).

Nos períodos nos que se levan a cabo as enquisas de satisfacción dirixidas aos distintos grupos de interese, actívase o protocolo propio de cara a fomentar e facilitar a participación. O centro dispón de documentos de enquisa propios para que o alumnado valore a realización e titorización do Practicum e dos TFG, o que mostra o interese do centro por coñecer a avaliación que o alumnado fai das prácticas académicas e do proceso de cara á defensa do traballo de fin de grao. Tamén dirixe unha enquisa propia aos egresados para dispoñer de máis datos sobre a súa inserción laboral. Segundo o informe provisional da ACSUG respecto á renovación do Grao en Traballo Social, se sinala coma un punto forte a implicación e compromiso coa xestión das prácticas externas, que foron moi ben valoradas por estudantes e egresados.

Respecto á satisfacción media do alumnado coa docencia recibida esta é do 3,93 sobre 5, e a satisfacción do profesorado coa ensinanza impartida acadada o valor do 4,55 no curso 2021-2022. A participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida é de 69,23.

A satisfacción do alumnado coas prácticas curriculares tamén acadada un valor elevado, e é un dos puntos fortes da titulación polo peso que representan (22 créditos ECTS). No curso 2021-2022, non se dispón de datos da USC porén o alumnado cumprimentou a enquisa propia do centro, avaliando ás profesoras titoras cunha valoración global media de 9,16. As avaliacións dos/as profesionais do traballo social titores/as externos/as e dos/as titores/as académicos/as respecto ás prácticas curriculares desta titulación, amosan valores moi altos 4,58 e 4,98 respectivamente.

Os datos de satisfacción das persoas egresadas coa titulación acadada tamén un valor elevado, representando no curso 2021-2022 o valor de 3,32.

A EUTS elabora un documento propio no que recolle o alumnado que presentou solicitude de recoñecemento de créditos (a través da USC) para que a Comisión de Título elabore informe (favorable ou non). Neste documento recóllese o nome e apelidos do alumno/a, acta na que está publicado o informe e texto do mesmo coa relación de materias. Este documento se presenta como evidencia na carpeta E6-Convalidacións. En relación ao alumnado que solicita validación procedente de FP a través do catálogo de validacións asinado entre as Universidades Galegas e a Xunta de Galicia, non dispoñemos de datos ao non ter informe procedente da AGSUC. Este proceso é automático e o xestiona e elabora a USC a través da UXA do campus norte.

En relación á orientación profesional, sinalar que desde o curso 2011-12 ata o curso 2017-2018 víñase elaborando un dossier para o alumnado de 4º con información sobre inserción laboral. A partires de 2018 esto se transforma nunha sesión informativa sobre colexiación e saídas profesionais, coa colaboración do *Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia*.

Creouse tamén na web propia un espazo para recén egresados e postitulados no que se ofrece información sobre a figura profesional, saídas profesionais e posibilidades de continuación de estudos, ademais de datos sobre inserción laboral dos egresados.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto ao persoal académico do centro a Comisión avaliadora para a renovación da Acreditación, no seu Informe indica que a principal limitación sinalada en informes de seguimento e acreditación previos do Grao fai referencia á cualificación académica, fundamentalmente no referido á capacidade investigadora do profesorado. En particular, na renovación da acreditación do título en 2017 poñíase de manifesto que o persoal non alcanzaba o 50% de doutores, aspecto que sería sometido a especial seguimento.

En 2022 a Comisión avaliadora sinala que debe destacarse o esforzo realizado nos últimos anos por superar estas limitacións. Na actualidade, o 61,5% do persoal docente ten o título de doutor, un 62,5% ten adicación completa. Esta evolución vese acompañada pola avaliación moi positiva da actividade docente por parte dos estudantes, así como unha satisfacción elevada do profesorado tanto no que respecta a titulación como á docencia impartida.

En xeral, apunta a Comisión avaliadora, que a experiencia docente é elevada e estímense unhas capacidades óptimas neste sentido, e que se aprecia un interese crecente do persoal por desenvolver actividades de investigación, con todo, esta segue sendo a parte máis débil, estimándose oportuno perseverar no seu fortalecemento.

Pon de manifesto que aínda que se fixeron esforzos por incrementar a porcentaxe de doutores que participan na titulación, a actividade investigadora segue sendo limitada, e recomenda que débense seguir tomando medidas para fortalecer a

capacidade investigadora de profesorado. Neste sentido valora positivamente o esforzo realizado por incorporar novo profesorado e reducir a carga docente do persoal.

O perfil académico do profesorado considérase idóneo, cunha ampla traxectoria docente para o conxunto (O 58,3% supera os 15 anos) e un 50,0% que posúe unha dobre titulación, é dicir, son titulados en Traballo Social con outra titulación engadida.

Respecto ao profesorado asignado a 1º curso, o 85,7% son doutores e o 33,3% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social e cunha media de 15,5 anos de dedicación docente no centro.

En canto ás prácticas externas, todo o profesorado titor posúe a titulación de Traballo Social, sendo este un requisito do centro. O 85,7% posúe ademais outra titulación máis (maioritariamente Socioloxía) e o 57,1% está en posesión do título de doutor/a. Pola súa parte, respecto ao profesorado asociado ao Traballo de Fin de Grao, o 90% ten o título en Traballo Social, 70% posúe outra titulación a maiores e o 60% conta co título de doutor/a.

A satisfacción do profesorado coa docencia acada unha media de 4,55, lixeiramente superior ao curso anterior.

A ratio de estudantes por profesor/a á tempo completo é de 34,5. Aínda que dita ratio mellorou sensiblemente nos últimos anos, non alcanza os valores establecidos no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade (25 estudantes por profesor/a tempo completo), aínda que en dita normativa establécese un período de cinco anos para a adaptación á norma, polo que o centro inclúe unha acción de mellora respecto diso:

AM-5: Proponse un incremento gradual do profesorado a tempo completo comezando no curso 2022-2023.

No Informe da Comisión avaliadora sinálase que, de acordo ás recomendacións recibidas no último informe de acreditación, o centro levou a cabo diversas iniciativas para lograr asinar un convenio coa USC que permita o acceso do profesorado da Escola aos cursos de formación ofrecidos ao persoal propio da Universidade, pero ata o momento, por diversas circunstancias, non deron froito. Estiman oportuno perseverar no intento en canto a que pode ser a vía máis efectiva para garantir unha recualificación constante do profesorado. Recomendán seguir traballando na firma dun convenio coa USC para permitir o acceso do persoal aos programas de formación do profesorado ou buscar outras alternativas que garantan a actualización das súas capacidades docentes.

A Comisión avaliadora apunta que tamén se deben ofrecer oportunidades de formación ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Preséntase unha acción na liña de mellora da formación e capacitación do persoal do centro:

AM-4: Proponer novamente o recoñecemento expreso por parte da USC do dereito de acceso do profesorado e persoal da EUTS aos programas de formación, nas mesmas condicións que o resto do persoal da devandita institución, a rematar en maio do presente curso.

En canto ao Persoal de Administración e Servizos (PAS) a Comisión avaliadora considerou que é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantado, e que contan co nivel de cualificación esixido, acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. O número de persoas na categoría de persoal de administración non sufriu variacións: 6 persoas, tres con adicación completa e tres con adicación parcial, A súa valoración media respecto da satisfacción co seu traballo acada unha puntuación media de 4,40 para o curso 2021-2022, significativamente superior á obtida para o 2020-21, que fora de 3,00 o que é reflexo dunha mellora na satisfacción do PAS.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión Avaliadora para a renovación a acreditación sinalou que o centro conta con instalacións suficientes para asegurar a calidade da docencia, e que estes espazos son adecuados para o desenvolvemento das actividades formativas tendo en conta a distribución media do alumnado por grupos de docencia expositiva e interactiva, aínda que debe terse en conta que estes grupos son cada vez máis numerosos, e que se fixo un esforzo investidor importante para remodelar o edificio e o equipamento das aulas, e dotouse o centro de rede wifi con fibra óptica, o que mellorou sensiblemente as conexións. A biblioteca consideran que está ben dotada. Son conscientes que o carácter histórico do edificio, declarado Ben de Interese Cultural, dificulta a eliminación de barreiras arquitectónicas.

No referente ás instalacións, o centro conta cunha aula de 120 prazas, dúas aulas de 110 prazas, unha aula de 60 prazas e unha aula de 40 prazas. Ademais, o centro pon a disposición do alumnado un seminario ou sala de estudo con capacidade para 42 persoas (que se utiliza tamén como aula segundo necesidades), unha sala de lectura con mesas de traballo con 45 postos, anexa á biblioteca, e unha aula de informática con 20 postos.

A Comisión Avaliadora considera que os servizos de orientación académica e orientación profesional que se pon ao dispor do estudiantado son apropiados para dirixilos e orientalos. Así o centro facilita información sobre inserción laboral e celebra unha sesión informativa cada curso sobre colexiación e saídas profesionais, coa colaboración do Colexio Profesional correspondente a nivel autonómico. Os servizos de atención ao estudante postos á súa disposición son apropiados,

incluíndo unha caixa de correos de queixas e suxestións para a presentación de iniciativas, e un apartado na web propia de suxestións ou queixas, que inclúe unha ligazón á Oficina de Análise de Reclamacións.

Sinala que se está a realizar o programa de acollida e apoio ao estudante, que orientan no funcionamento da institución.

O Centro tamén participa no Programa A Ponte que inclúe o Programa de Tutores, que reciben formación específica por parte da USC. Desde o curso 2015-16 ata o 2021-22 veñen ofertándose catro prazas. No curso 2021-22 exerceron como titoras dúas alumnas e iniciaron o curso de formación catro. Tamén se dispón dun folleto propio sobre o centro e a titulación, un folleto específico sobre o servizo de Biblioteca e a Guía Académica da titulación, de acceso a través da web do centro.

Tamén se levan a cabo as adaptacións específicas necesarias para apoiar ao alumnado con discapacidade. Ditas adaptacións lévanse a cabo en coordinación co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e conforme aos protocolos publicados polo mesmo.

Ademais facilítase ao alumnado de 4º matriculado en TFG, Practicum ou ambos o Manual para o Practicum e o Traballo de Fin de Grao en Traballo Social, que aborda tanto os aspectos de procedemento como metodolóxicos, calendarización e máis.

Creouse na web propia un espazo para recén egresados e postitulados no que se ofrece información sobre a figura profesional, saídas profesionais e posibilidades de continuación de estudos, ademais de datos sobre inserción laboral dos egresados.

En canto aos Servizos de atención ao estudante dispónse dun espazo web específico, baixo a denominación Taboleiro Virtual con acceso a través de chave que se facilita ao estudante cada curso, onde se pode consultar diferente información de interese: Notas, actas de Comisión de Título, etc.

Dentro do programa de acollida ao novo estudantado, o primeiro día lectivo do curso, o equipo directivo xunto coa Coordinadora de Título, o/a Coordinador/a de 1º, profesorado, representantes do persoal de administración e servizos e representantes do alumnado titor/a, participan na Xornada de acollida ao alumnado de novo ingreso. Facilítase información sobre diferentes aspectos en relación á universidade e ó centro (itinerario formativo, procedementos, instancias, etc.).

No curso 2021-2022 realízase un importante esforzo para incrementar e actualizar o número de convenio vixentes para a realización das prácticas curriculais. De setembro de 2021 a xullo de 2022 (curso 2021-2022), asináronse 41 convenios (17 con entidades da Provincia de A Coruña, 2 da Provincia de Lugo, 1 da Provincia de Ourense, 10 da Provincia de Pontevedra e 11 de carácter autonómico). Deles, 18 son convenios novos, 4 prórrogas de convenios que caducaban nese curso e 19 renovacións tras caducidade do convenio anterior. Ademais 56 concellos adheríronse ao convenio da FEGAMP, 21 foron xestionados pola EUTS e 35 o fixeron a iniciativa do propio concello. En xullo de 2022, estaban en vigor 158 convenios. A relación dos convenios para a realización de prácticas externas está publicada na web do centro e todos os anos ofértase un número de prazas superior ao número de estudantes que opta ás mesmas.

A oferta de prazas ao alumnado para a realización das prácticas curriculais foi aumentando desde a MVT10 pasando de 79 postos no curso 2015-2016 a 190 no curso 2019-2020. Nos cursos 2020-2021 e 2021-2022 houbo unha diminución na oferta debido aos condicionantes derivados de pandemia ofertándose 146 e 158 prazas respectivamente o que supón unha ratio de 2,35 e 2,1 postos de prácticas por alumno.

O alumnado do centro pode optar a varias axudas propias de apoio ao estudo:

-Axudas ao estudo: A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais*, entidade xurídica da EUTS, convoca anualmente estas bolsas de apoio ó estudio. No curso 2021-22 ofertáronse e concedéronse 12 axudas para cubrir parcialmente a matrícula no Grao.

-Axudas ao alumnado participante en programas de mobilidade: exime do abono de dúas das cotas que lle correspondan pola matrícula de curso completo. Esta axuda concédese no 100% dos casos (No curso 2021-22 concedéronse a catro alumnos/as SICUE e dous ERASMUS).

-Bolsa de apoio para atención da aula de informática: con unha adicación semanal de 30 horas a distribuír entre o alumnado seleccionado.

Non se dispón de datos que permitan valorar o nivel de satisfacción cos recursos materiais ou servizos.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O principal medio para publicar información é a páxina web propia, e na web da USC o espazo do título cunha estrutura similar á doutros graos da Universidade.

Na web pódese atopar información xeral do título: presentación, plan de estudos (por curso e por módulo), oferta e admisión, recursos materiais, obxectivos e competencias, mobilidade e prácticas, saídas profesionais, traballo fin de grao, equipo docente e indicadores de calidade.

Nos apartados dedicados ao plan de estudos pódese acceder ás guías docentes de cada materia.

A información sobre a estrutura e órganos de xestión do SGIC atópase na web da Escola, que á súa vez enlaza cos indicadores de calidade do título que se ofrecen na web do título. A Comisión avaliadora para renovación da acreditación sinala que a Escola conta con outra web propia (www.euts.es), que duplica a información sobre a titulación sen establecer vínculos coas outras fontes de información como á web da USC.

Observaron que contén información máis actualizada en materia de calidade (por exemplo, as memorias anuais de calidade máis actualizadas non se poden atopar na web da Universidade). En xeral estimaron que esta duplicidade de información é pouco eficiente e pon en evidencia a falta de actualización dalgunhas das fontes. Considérase oportuno evitala ou mellorar a coordinación entre as distintas webs. En calquera caso, concluíron que se ofrece toda a información relevante para os distintos grupos de interese e, en particular, para estudantes tanto actuais como potenciais.

No informe de acreditación, se indicaba que, na web institucional estaba activado un enlace á páxina web propia do centro só desde o apartado de "Centros" pero non había esta posibilidade desde o apartado de "Título". Fixéronse as xestións necesarias para incluír dito enlace desde ambos apartados e actualmente este enlace está xa operativo.

Con motivo da presentación da nova web da USC, e desde o curso 2021-2022, a EUTS conta cos permisos necesarios por parte da USC para poder ter actualizada desde o propio centro a web institucional, aínda que non con acceso a todos os apartados da mesma. Deste xeito actualizáronse apartados que non estaban presentes ata este momento na web institucional como Calidade (coa introdución de Manual, procesos, informes de seguimento anteriores e outros), Prácticas Curriculares, TFG, ...

En todo caso, a información mínima a publicar está no contido de ambas webs.

3. Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir: Avanzar no SGIC do centro ata a súa certificación			
Responsable do obxectivo: Responsable de calidade do Centro		Data inicio: 10/01/2022	Data fin: 31/07/2023
Liña estratéxica relacionada	Liña 1.- Desenvolvemento da formación do estudiantado Liña 6: Compromiso e implicación cos axentes externos		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora PS-06 Información pública		
Indicador/es de medición	Evidencia documental, actas dos órganos colexiados, Manuais actualizados	Meta a conseguir	Elaboración da proposta da particularización do SGIC do Centro; avaliación do Plan Estratéxico 2018-2020 e deseño da nova planificación
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1, AM-1.1; AM 1.2		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Informe de Acreditación 2022	Concluír a elaboración do manual simplificado do SGIC e Manual de Procesos do Centro para a súa certificación	Activa	Responsable de Calidade do Centro	31/07/2023	-
AM-1.1	Informe de Acreditación 2022	Levar a termino a elaboración da proposta de particularización de cada capítulo do SGIC do centro. Envío á ACMP da USC a documentación proposta	Activa	Responsable de Calidade de Centro	22/12/2022	Non executada
AM-1.2	Informe de Acreditación 2022	Avaliación, por parte de Comisión de Calidade do Centro do Plan Estratéxico 2018-2020 e deseño posterior da nova planificación estratéxica	Activa	Responsable de Calidade de Centro	31/07/2023	-

Obxectivo a conseguir: Descenso da taxa de abandono

Responsable do obxectivo: Responsable de calidade do Centro

Data inicio: 10/01/2022

Data fin: 31/07/2023

Liña estratéxica relacionada	Liña 1.- Desenvolvemento da formación do estudantado		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora PS-06 Información pública		
Indicador/es de medición	Informe de Acreditación 2022, actas Comisión Título, IN41C	Meta a conseguir	Reducir a taxa de abandono ata o 19,32% establecida na Memoria de Verificación da Titulación 2017
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-2, AM-2.1; AM 2.2		

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-2	Informe de Acreditación 2022	A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado	Activa	Responsable de Calidade do Centro Coordinadora de Título	31/07/2023	-
AM-2.1	Informe de Acreditación 2022	Deseño de protocolo para recoller opinión do alumnado que abandona estudos para coñecer as causas que lle levan a esta situación	Finalizada	Coordinadora de Título	31/01/2023	SI
Am-2.2	Informe de Acreditación 2022	Programar e realizar reunión do Comité Consultivo	Activa	Responsable de Calidade de Centro	31/01/2023	Non executada

Obxectivo a conseguir: Aumenta as taxas de graduación e eficiencia

Responsable do obxectivo: Coordinadora de Título		Data inicio: 10/09/2022	Data fin: 31/07/2023
Liña estratéxica relacionada	Liña 1.- Desenvolvemento da formación do estudantado		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora PS-06 Información pública		
Indicador/es de medición	Informe de Acreditación 2022	Meta a conseguir	Incrementar ambas taxas hasta alcanzar os valores establecidos na Memoria de Verificación da Titulación 2017 (72,46% graduación e 97,87 eficiencia)
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-3, AM-3.1		

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-3	Informe de Acreditación 2022	A media da taxa de graduación no IRA 2022 descendeu en relación ao IRA 2016 polo que se considera procedente identificar causas que levan a este resultado. Facer seguimento da evolución da taxa de eficiencia.	Activa	Coordinadora de Título	31/07/2023	-
AM-3.1	Informe de Acreditación 2022	A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións que levan ao descenso da taxa de graduación e a tendencia da taxa de eficiencia	Activa	Coordinadora de Título	31/07/2023	-

Obxectivo a conseguir: Participación do profesorado da EUTS no cursos de formación ofertados pola USC para o persoal propio

Responsable do obxectivo: Directora da EUTS		Data inicio: 01/09/2022	Data fin: 31/05/2023
Liña estratéxica relacionada	Liña 2.- Posta en valor da excelencia docente		
Procesos clave relacionados	PS-01 Xestión dos Recursos Humanos		
Indicador/es de medición	Número de comunicacións entre ambas institucións; Actas da CT	Meta a conseguir	Asinar un acordo de colaboración en relación ao obxectivo indicado
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-4, AM-4.1		

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-4	Plan de Melloras da Acreditación	O profesorado e persoal da EUTS non pode participar en igualdade de oportunidades nas actividades formativas que desenvolve a USC. As xestións realizadas víronse interrompidas a raíz da pandemia	Activa	Directora da EUTS	31/05/2023	-
AM-4.1	Plan de Melloras da Acreditación	Proposta formal ao Reitorado da USC de permiso de acceso do persoal da EUTS aos plans de formación en igualdade de condicións ao resto do persoal da USC	Activa	Directora da EUTS	22/12/2022	Non executada

Obxectivo a conseguir: Incremento gradual do profesorado a tempo completo

Responsable do obxectivo: Directora da EUTS		Data inicio: 01/02/2022	Data fin: 01/02/2026
Liña estratéxica relacionada	Liña 2.- Posta en valor da excelencia docente		
Procesos clave relacionados	PS-01 Xestión dos Recursos Humanos		
Indicador/es de medición	Valor da ratio de alumnado por profesor a tempo completo	Meta a conseguir	Adaptación progresiva da ratio de alumnado por profesor a tempo completo indicada na normativa
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-5, AM-5.1		

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-5	Plan de Melloras da Acreditación	Incremento gradual do profesorado a tempo completo comezando polo curso 2022-2023	Activa	Directora EUTS	01/02/2026	-
AM-5.1	Plan de Melloras da Acreditación	Contratación dunha persoa máis a tempo completo para o curso 2022-2023. Nos cursos seguintes, irán incorporándose novos docentes ata unha adaptación correcta á normativa	Finalizada	Directora EUTS	01/02/2023	SI

Obxectivo a conseguir: Identificar as causas da baixa participación do alumnado en programas de mobilidade internacional

Responsable do obxectivo: Coordinador de Mobilidade Internacional

Data inicio: 10/10/2022

Data fin: 30/06/2023

Liña estratéxica relacionada	Liña 1.- Desenvolvemento da formación do estudantado		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora		
Indicador/es de medición	Número de enquisas cuberta por número alumnado matriculado en 4º curso	Meta a conseguir	Elaborar e administrar enquisa
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-6		

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-6	Informe de Acreditación 2022	Elaboración da enquisa que se administrará ao alumnado de 4º curso e analizar a información obtida para o deseño, se procede, de accións de mellora	Activa	Coordinador de Mobilidade Internacional	31/06/2023	-

ACCIÓNS DE MELLORA abertas curso 2021-2022 e de axendas anteriores

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1 <i>(AM-1 cursos 2020/2021 e 2019-2020 e AM-4 curso 2017-2018)</i>	
		Tipo	Acción mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3 – Sistema de Garantía de Calidade	
		Definición	Análise causa	Avanzar no SGIC do centro ata a súa certificación
	Definición/descrición proposta		Concluír a elaboración do manual simplificado do SGIC e Manual de procesos do centro para a súa certificación	
	Data prevista de finalización		31/07/2023	
	Data inicio		10/01/2022	
	Responsables	Responsable da implantación	Responsable de Calidade do Centro	
Tarefa1	Código	AM-1.1		
	Descrición tarefa	Levar a término a elaboración da proposta de particularización de cada capítulo do SGIC do centro. Envío á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC a documentación proposta		
	Data prevista de finalización	22/12/2022		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade do Centro		
Tarefa 2	Código	AM-1.2		
	Descrición tarefa	Avaliación por parte da Comisión de Calidade de Centro do Plan Estratégico 2018-2020 e deseño posterior da nova planificación estratéxica		
	Data prevista de finalización	31/07/2023		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade do Centro		
Finalización	Estado	AM-1 Activa – AM-1.1 Non executada – AM 1.2 Activa		
	Data estado	29/05/2023		
	Comprobación			
	Data comprobación			



ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito de aplicación	Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento	
		Análise causa	A media da taxa de abandono no IRA 2022 incrementouse respecto ao IRA 2016 polo que se considera procedente determinar causas que levan a este resultado	
		Definición/descrición proposta	A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado	
		Data prevista de finalización	31/07/2023	
		Data inicio	01/09/2022	
Responsables	Responsable da implantación	Responsable de Calidade de Centro Coordinadora de Título		
Tarefa1	Código	AM-2.1		
	Descrición tarefa	Deseño de protocolo para recoller opinión do alumnado que abandona estudos para coñecer as causas que lle levan a esta situación		
	Data prevista de finalización	31/01/2023		
	Persoa responsable	Coordinadora de Título		
Tarefa 2	Código	AM-2.2		
	Descrición tarefa	Programar e realizar reunión do Comité consultivo		
	Data prevista de finalización	31/01/2023		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade de Centro		
Finalización	Estado	AM-2 Activa; AM-2.1 non executada; AM-2.2 non executada		
	Data estado	29/05/2023		
	Comprobación			
	Data comprobación			



ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-3
		Tipo	Acción de mellora
	Definición	Ámbito de aplicación	Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento
		Análise causa	Descenso das taxas de graduación e eficiencia no IRA 2022 respecto ao IRA 2016
		Definición/descrición proposta	A media da taxa de graduación no IRA 2022 descendeu respecto ao IRA 2016 polo que considérase procedente identificar causas que levan a este resultado. Facer un seguimento da evolución da taxa de eficiencia
		Data prevista de finalización	31/07/2023
	Data inicio	01/09/2022	
Responsables	Responsable da implantación	Coordinadora de Título	
Tarefa1	Código	AM-3.1	
	Descrición tarefa	A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións que levan ao descenso da taxa de graduación e a tendencia da taxa de eficiencia	
	Data prevista de finalización	31/07/2023	
	Persoa responsable	Coordinadora de Título	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado	29/05/2023	
	Comprobación		
	Data comprobación		



ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4 <i>(AM-5 curso 2015-2016 e AM 4 curso 2016-2017)</i>
		Tipo	Acción de mellora
	Definición	Ámbito de aplicación	Criterio 4 – Recursos Humanos
		Análise causa	O profesorado e persoal de administración e servizos da EUTS non pode participar en igualdade de oportunidades nas actividades formativas que desenvolve á USC. As xestións realizadas víronse interrompidas a raíz da pandemia
		Definición/descrición proposta	Propoñer novamente o recoñecemento expreso por parte da USC do dereito de acceso do profesorado e persoal da EUTS aos programas de formación, en iguais condicións que o resto de persoal de dita institución
		Data prevista de finalización	31/05/2023
	Data inicio	01/09/2022	
	Responsables	Responsable da implantación	Directora da EUTS
Tarefa1	Código	AM-4.1	
	Descrición tarefa	Proposta formal ao Reitorado da USC do permiso de acceso do persoal da EUTS aos planes de formación en igualdade de condicións que o resto do persoal da USC	
	Data prevista de finalización	22/12/2022	
	Persoa responsable	Directora da EUTS	
Finalización	Estado	AM-4 – Activa pendente execución ; AM-4.1 Activa – Non executada	
	Data estado	29/05/2023	
	Comprobación		
	Data comprobación		



ACCIÓNS DE MELLORA

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5 <i>(AM-5 curso 2015-2016 e AM-4 curso 2016-2017)</i>	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 4 – Recursos Humanos
		Definición	Análise causa	A ratio alumnado/profesorado a tempo completo, non alcanza os valores da normativa que entrou en vigor en setembro de 2021 e que fixa un período de cinco anos para adaptarse
			Definición/descrición proposta	Proponse un incremento gradual do profesorado a tempo completo comezando no curso 2022-2023
			Data prevista de finalización	01/02/2026
	Data inicio		01/02/2022	
	Responsables	Responsable da implantación	Directora da EUTS	
Tarefa1	Código	AM-5.1		
	Descrición tarefa	Contratación dunha persoa máis a tempo completo para o curso 2022-2023. Nos cursos seguintes, irán incorporándose novos docentes ata unha adaptación correcta á normativa e as tarefas incorporaranse como accións de mellora no respectivos informes de seguimento		
	Data prevista de finalización	01/02/2022		
	Persoa responsable	Directora da EUTS		
Finalización	Estado	Finalizada		
	Data estado	28/02/2023		
	Comprobación	Contrato laboral a tempo completo		
	Data comprobación			



ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-6	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
			Análise causa	Reducida participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional
			Definición/descrición proposta	Coñecer as causas da reducida participación dos/as estudantes en programas de mobilidade internacional a través dunha enquisa dirixida al alumnado de 4º curso
			Data prevista de finalización	30/06/2023
			Data inicio	15/10/2022
Responsables	Responsable da implantación	Coordinador de Mobilidade Internacional		
Tarefa1		Código	AM-6.1	
		Descrición tarefa	Elaborar o cuestionario que se administrará ao alumnado de 4º curso para obter a información descrita na acción e realizar a análise da información obtida a través da enquisa. Diseñar, se procede, accións de mellora enfocadas ao incremento desta participación	
		Data prevista de finalización	31/06/2023	
		Persoa responsable	Coordinador de Mobilidade Internacional	
Finalización		Estado	Activa - en execución	
		Data estado	29/05/2023	
		Comprobación		
		Data comprobación		

4. Modificacións Título Grao en Traballo Social

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Activación da materia optativa, asignada a 3º curso, <i>G3171341 Traballo Social no ámbito da Educación</i>	Actívase debido á demanda por parte do alumnado e ao interese amosado por parte do colectivo de profesionais que están a solicitar novamente a inclusión de traballadores e traballadoras sociais nos equipos de orientación
Baixa da materia optativa, asignada a 3º curso <i>G3171347 A Investigación Cualitativa en Traballo Social</i>	Por baixa matrícula nos últimos cursos, se solicita a baixa desta materia
Modificación Regulamento do Traballo de Fin de Grao do Centro	, No curso 2020-2021, a USC estableceu a posibilidade de defensa dos TFG ante titor ou tribunal, incluso nos Centros que non o tiñan contemplado no seu Regulamento como é o noso caso. En base a esta experiencia fíxose unha proposta para modificar o <i>Regulamento do TFG</i> no centro, e contemplar a posibilidade de defensa ante titor/a, (cunha nota máxima de 8,5), ademais de ante tribunal: así como ampliar as modalidades dos Traballo de Fin de Grao como "proxectos de investigación" e "proxectos de intervención". A proposta foi aprobada na reunión da Comisión de Título de 14 de outubro de 2021, e posteriormente foi aprobada a modificación do <i>Regulamento do TFG</i> na Xunta de Centro de 27 de xaneiro de 2022 do que se dou traslado á Unidade de Xestión Académica da USC.
Creación da <i>Comisión de Avaliación previa de Traballo Académicos</i> da Escola Universitaria de Traballo Social	Para dar cumprimento á <i>Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais</i> , (publicada o 7 de maio de 2021), constitúese no centro a <i>Comisión de Avaliación previa de Traballo Académicos</i> da Escola Universitaria de Traballo Social. Deuse conta da composición do Órgano da EUTS encargado da revisión e do informe previo para o Comité de Bioética da USC, na Comisión de Título de 14 de outubro de 2021, do que se dou traslado á Vicerreitoría de Investigación e Innovación da USC.
Modificación do Protocolo para a prevención e hixiene fronte a COVID-19 do centro	Para impartir o Grao dun xeito seguro, e cumprir a normativa específica en relación á Pandemia da COVID 29, desde xullo de 2020 o centro dispoñía dun <i>Protocolo para a prevención e hixiene fronte á COVID 19</i> , aprobado pola Xunta de Centro de 30 de xullo de 2020. O Protocolo foi concibido como un documento en revisión permanente en función da evolución da pandemia e das instrucións que se recibían da Secretaría Xeral e da Xerencia da USC. No curso 2021-2022 fixéronse as actualizacións necesarias en base á: .-Instrución 1/2022 da Xerencia, do 20 de abril de 2022 .-Guía de Actuación Fronte á COVID 19 da USC .-Protocolo de Xestión de Casos COVID 19 na USC de 29 marzo 2022

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3 Memorias Fundación Santiago Apóstol Ciencias Sociais
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro Web propia Portal do estudante – web propia
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF carpeta E5-Actas Comisións
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF carpeta E6-Convalidacións - (Elaboración propia)
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502230_P.Ind_2021-2022
			2502230_INF.16_2021-2022
			2502230_INF.CiUG_2021-2022
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502230_P.Ind_2021-2022
			5419_INF.03_2021-2022
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do centro
			Web propia
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do título
			Web propia
1	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política	Web do centro Web propia



		de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	PDF –Informe de Coordinación do Título curso 2021-2022
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web propia
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502230_P.Ind_2021-2022 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...) en carpeta I4
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502230_P.Ind_2021-2022
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502230_E15_2021-2022 PDF carpeta E15 POD e modificacións
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4 Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502230_INF.13_2021-2022 2502230_INF.14_2021-2022
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5419_I10_2021-2022
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web propia
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web propia PDF Informe de Coordinación curso 2021-2022
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Convenios vixentes para Practicum Convocatoria e Oferta Practicum 21-22 en carpeta E-20 (1º e 2º cuatrimestre
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF en carpeta I11-Practicum Memorias de Practicum por ano académico - Taboleiro Virtual



5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Portal do Estudante
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, alo menos, os últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)	PDF en carpeta E24 TFG defendidos por ano académico - Taboleiro Virtual
2,3	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2502230_INF.15_2021-2022
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502230_P.Ind_2021-2022
			2502230_INF.17_2021-2022
			2502230_INF.18_2021-2022
			2502230_INF.19_2021-2022
			2502230_INF_SIIU_2021-2022
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502230_P.Ind_2021-2022
			2502230_INF.CiUG_2021-2022
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	2502230-EIL-SIIU_2021-2022 2502230_EIL-ACSUG_2021-2022 EnquisaPropia_2022_egresados SituacionlaboralCOTSG_2022.png
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	2502230_P.Ind_2021-2022 Informe Indicadores_2021-2022